ORDENANZA Nº 20, XERAL DE LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS
Artigo 1.
Artigo 2.
Artigo 3.

TÍTULO II. DA LIMPEZA DA VÍA PUBLICA.

Capítulo I.-Da limpeza da vía pública como consecuencia de uso xeral dos cidadáns.
Artigo 4.
Artigo 5.
Artigo 6.

Capítulo II.- Da sucidade da vía pública a consecuencia de obras e actividades diversas.
Artigo 7.
Artigo 8.
Artigo 9.
Artigo 10.
Artigo 11.
Artigo 12.
Artigo 13.

TÍTULO III. DA LIMPEZA DO CONCELLO RESPECTO Ó USO COMÚN ESPECIAL E IVATIVO DE MANIFESTACIÓNS PÚBLICAS NA RÚA.

Capítulo I.-Condicións xerais.
Artigo 14.
Artigo 15.
Artigo 16.
Artigo 17.

Capítulo II.-Da colocación de carteis e pancartas na vía pública.
Artigo 18.
Artigo 19.

Capítulo III.-Das pintadas.
Artigo 20.

Capítulo IV.-Da distribución de octavillas.
Artigo 21.
Artigo 22.

TÍTULO IV.-INFRACCIÓNS. SANCIÓNS. PROCEDEMENTO SANCIONADOR.
Artigo 23.
Artigo 24.

Artigo 25
Artigo 26.
Artigo 27.
Artigo 28.
Artigo 29.
Artigo 30.
Artigo 31.
Artigo 32.
Artigo 33.

Disposición final

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación, no ámbito das competencias do Concello de Tordoia e dentro do seu termo municipal, das seguintes situacións e actividades:

1.-A limpeza da vía pública no que se refire ó uso común xeral dos cidadáns e limpeza de solares de propiedade municipal. Así mesmo, a inspección e realización subsidiaria de limpeza dos solares de propiedade pública ou privada.

2.-A prevención do estado de sucidade do concello producido como consecuencia de manifestacións públicas na rúa, e limpeza dos bens de dominio municipal no que respecta o seu uso común especial e privativo.

3.-A recollida de lixo e residuos sólidos producidos a consecuencia do consumo doméstico así como a de tódolos materiais residuais que pola súa natureza poden asimilarse ós anteriores.

4.-A acumulación, carga, transporte e verquido de terras, escombros e outros materiais similares ou asimilables, producidos a consecuencia de obras, construccións e derrubes, en todo ou non incluído os números 1 e 3 anteriores.

5.-A recollida e transporte de materiais residuais e dos productos destinados polos seus productores ou posuidores ó abandono que, non estando incluídos especificamente nos apartados precedentes, son de competencia municipal de acordo ca lexislación vixente.

6.-En canto sexa da súa competencia: a xestión, control e inspección dos sistemas e equipamentos destinados ó tratamento, aproveitamento, depósito e eliminación da totalidade dos materiais obxecto dos apartados 3, 4 e 5 anteriores.

Artigo 2.

1.-Tódolos habitantes de TORDOIA están obrigados, no que concirne á limpeza do Concello, a observar unha conducta encamiñada a evitar e previr a sucidade.

2.-Así mesmo, están obrigados a denunciar á Autoridade municipal as infraccións que en materia de limpeza pública presencien ou das que teñan un coñecemento certo.

3.-O concello obrígase a atender ás reclamacións, denuncias e suxerencias dos cidadáns, exercendo as accións que en cada caso correspondan.

Artigo 3.

1.-Tódolos cidadáns están obrigados ó cumprimento puntual da presente ordenanza e das disposicións complementarias que na materia de limpeza en xeral, mantemento de ornato público ou da estética do concello, dicte en calquera momento a Alcaldía no exercicio das súas facultades.

2.-A Autoridade municipal, poderá esixir en todo momento o cumprimento inmediato da presente Ordenanza, obrigando o causante dun deterioro á reparación da afección causada, sen prexuízo da sanción que corresponda.

3.-A Alcaldía a proposta dos servicios municipais correspondentes, sancionará de acordo co establecido no titulo VII desta ordenanza os que contraviñeren o disposto na mesma.

TÍTULO II. DA LIMPEZA DA VÍA PUBLICA

Capítulo I.-Da limpeza da vía pública como consecuencia de uso xeral dos cidadáns.

Artigo 4.

1.-A efectos da limpeza considérase vía pública: as avenidas, paseos, rúas, prazas, beirarrúas, travesías, camiños, xardíns, zonas verdes, zonas terrosas e demais bens públicos de uso público municipal destinados directamente o uso común xeral dos cidadáns.

2.-A efectos de limpeza, os ríos terán tamén a consideración vía pública.

Artigo 5.

1.-Queda prohibido tirar e abandonar na vía pública toda clase de productos de estado sólido, líquido ou gasoso.

Os residuos sólidos de pequeno formato como papeis, envoltorios e similares deberán depositarse nas papeleiras instaladas ó efecto ou "contenedores" do Servicio Público de limpeza.

2.-Os materiais residuais voluminosos, e os de pequeno tamaño pero en gran cantidade, deberán ser obxecto de libramento ordenado ós servicios de recollida do lixo. Se pola súa cantidade, formato ou natureza foran imposible a prestación deste servicio, deberán ser evacuados de acordo co que establece o Título VI sobre recollida e transporte de residuos industriais e especiais.

3.-Prohíbese votar cigarros puros, cabichas de cigarros ou outras materias acesas nas papeleiras. En todo caso deberán depositarse unha vez apagadas ou ben nos cinceiros instalados ó efecto.

4.-Prohíbese, igualmente, votar no chan calquera clase de desperdicio dende os vehículos, xa estean parados ou en marcha.

5.-Non se permite sacudir roupas e alfombras sobre a vía pública, nin tampouco dende balcóns e terrazas fora do horario comprendido entre as vintedúas horas da noite e a oito trinta da mañá seguinte. En todo caso, esta operación farase de maneira que non causa danos nin molestias a persoas ou cousas. Non se permite fregar balcóns a non ser de acordo co horario anterior.

6.-Non se permite regar as plantas nin a limpeza de elementos constructivos colocados no exterior dos edificios se a consecuencia desta operación se producirán verquidos ou salpicaduras sobre a vía pública ou sobre os seus elementos. O rego farase conforme ó horario establecido no apartado anterior e sempre ca debida precaución e coidado a fin de non producir molestias a veciños e peóns.

7.-Prohíbese cuspir na rúa, e satisface-las necesidades fisiolóxicas na vía pública. Ós infractores sancionaranse.

Artigo 6.

1.-Corresponde ós particulares a limpeza das beirarrúas particulares, dos pasaxes particulares, dos patios interiores de rueiro, dos solares de propiedade privada, das galerías comerciais e similares.

2.-O Concello exercerá o control e inspección do estado de limpeza dos elementos obxecto do número anterior, e poderá obrigar coactivamente a limpa-los á persoa responsable, de acordo coas instruccións que ó efecto dicten os servicios municipais.

3.-Corresponderá a Administración Municipal a limpeza da calzada, bordos, paseos, gabias das árbores, zonas terrosas, papeleiras, rótulos de identificación de vías públicas e restantes elementos do mobiliario urbano de responsabilidade municipal, sen prexuízo das modificacións do servicio que en circunstancias especiais determina a Alcaldía. Non obstante, no caso de urbanizacións que teñan constituídas Entidades de conservación, corresponderalles a estas o mantemento destas zonas.

Capítulo II.- Da sucidade da vía pública a consecuencia de obras e actividades diversas.

Artigo 7.

1.-Tódalas actividades que poidan ocasionar sucidade na vía pública, calquera que sexa o lugar en que se desenvolva e sen prexuízo das licencias ou autoizacións que en cada caso sexan procedentes, esixe dos seus titulares a obrigación de adoptalas medidas necesarias para evita-la sucidade na vía pública, así como a de limpa-la parte dela e dos seus elementos estructurais que se viran afectados, e a de retira-los materiais resultantes.

2.-A Autoridade Municipal poderá esixir en todo momento as accións de limpeza correspondentes, tendo o disposto no número anterior.

Artigo 8.

1.-Para preve-la sucidade, as persoas que realicen obras na vía pública deberán proceder á protección desta mediante a colocación de elementos adecuados arredor dos derrubes, terras e outros materiais sobrantes de obra, de modo que impedise a diseminación e verquido destes materiais fora da estricta zona afectada polos traballos.

2.-En especial, as superficies inmediatas de zanxas, canalizacións e conexións realizadas na vía pública deberán manterse limpas e exentas de toda clase de materiais residuais. As terras extraídas deberán protexerse en todo caso segundo determina o número anterior.

3.-Cando se trate de obras na vía pública ou confrontantes, deberán instalarse valados de elementos de protección así como tubos para a carga e descarga de materiais e productos de derribo, que deberán reuni-las condicións necesarias para impedir que se ensucie a vía pública e que se causen danos as persoas e as cousas.

Artigo 9.

Cando se trate de edificios en construcción, a obrigación de limpa-la vía pública en todo o ámbito material establecido no artigo 7 corresponderá ó contratista.

Artigo 10.

A limpeza de escaparates, tendas, postos de venda, establecementos comerciais etc., efectuada por particulares, farase sempre con coidado de non ensucia-la vía pública. O titular da actividade será o responsable.

O horario autorizado para a limpeza de escaparates, tendas, postos de venda, etc., será desde as sete ás once da mañá, e desde as dezanove ás vintedúas horas da noite.

Artigo 11.

Prohíbese a manipulación e selección dos materiais residuais depositados na vía pública á espera de ser recollidos polos servicios correspondentes.

Artigo 12.

Están obrigados a limpa-los espacios ocupados habitualmente polos vehículos de tracción mecánica, os responsables dos establecementos e industrias que os utilicen para o seu servicio, en especial en canto se refire ós verquidos de aceites, graxas ou productos similares.

Artigo 13.

1.-Prohíbese o abandono de mobles e enseres particulares na vía pública.

2.-Será potestade dos servicios municipais a retirada, sen previo aviso, de todo obxecto ou material abandonado cando dificulte o paso, a libre circulación ou poida afectar á limpeza ou decoro da vía pública.

3.-Os materiais sinalados nos apartados 1 e 2 precedentes serán trasladados, para o seu depósito ou eliminación, ós lugares ou equipamentos previstos a tal fin pola Autoridade Municipal.

4.-O depósito destes materiais rexerase en todo momento pola lexislación vixente, e no non previsto, polo que dispoña a Alcaldía.

5.-Os gastos producidos polo seu traslado, depósito e custodia destes materiais serán a cargo dos seus propietarios ou productores.

TÍTULO III. DA LIMPEZA DO CONCELLO RESPECTO Ó USO COMÚN ESPECIAL E PRIVATIVO DE MANIFESTACIÓNS PÚBLICAS NA RÚA

Capítulo I.-Condicións xerais

Artigo 14.

1.-A sucidade da vía pública producida a consecuencia do uso común e privativo será resposabilidade dos seus titulares.

2.-Os titulares de establecementos, sexan fixos ou non, tales como bares, cafés, quioscos, postos de venda e similares, terán a obriga de manter nas debidas condicións de limpeza tanto as propias instalacións como o espacio urbano sometido a súa influencia.

Artigo 15.

1.-Os organizadores dun acto público na rúa serán responsables da sucidade derivada da celebración de tal acto na mesma.

2.-A efectos da limpeza do Concello, os organizadores terán a obriga de informar ó Concello do lugar, percorrido e horario do acto público a celebrar. O Concello poderalles esixir a constitución dunha fianza en metálico ou aval bancario polo importe dos servicios subsidiarios de limpeza, que previsiblemente lles puidera corresponder efetuar a consecuencia de sucidade que se derivase da celebración do acto público.

Artigo 16.

A colocación e pegado de carteis e pancartas, a distribución de octavillas e calquera outra actividade publicitaria está suxeita a autorización municipal da Alcaldía, salvo as asociacións, entidades e organizacións do Concello de TORDOIA, que desenvolvan a súa actividade sen ánimo de lucro.

Artigo 17.

1.-A concesión da autorización para a colocación ou distribución de rótulos e demais elementos publicitarios, levará implícita a obriga para o responsable de limpa-los espacios da vía pública que se mancharan, e de retirar dentro do prazo autorizado tódolos elementos publicitarios que se utilizaran e os seus correspondentes accesorios.

2.-Para a colocación ou distribución na vía pública dos elementos publicitarios, o Concello poderá esixir a constitución de fianza ou aval bancario pola contía correspondente ós custos previsibles que puideran causar sucidade.

Capítulo II.-Da colocación de carteis e pancartas na vía pública

Artigo 18.

1.-Prohíbese a colocación e pegada de carteis e adhesivos, con excepción dos casos expresamente autorizados pola Autoridade Municipal.

2.-Prohíbese a colocación de carteis e pancartas en bens afectos a un servicio público municipal, tales como marquesiñas e "contenedores".

3.-Os promotores ou beneficiarios desta publicidade responderán desta prohibición. O incumprimento da mesma dará lugar á imposición da sanción correspondente, así como a obriga do publicitario de proceder á retirada destes carteis e pancartas e á limpeza da parte manchada.

Artigo 19.

A colocación de pancartas na vía pública soamente se autorizará nos seguintes supostos:

a) En período de eleccións políticas e sindicais.

b) En período de festas populares e tradicionais dos distintos núcleos.

c) En situacións expresamente autorizadas pola Alcaldía.

As pancartas deberán ser retiradas tan pronto como rematara o prazo para o que foron autorizadas. De non face-lo así ,serán retiradas polos servicios municipais, imputándose ós responsables o custo correspondente ó servicio prestado, sen prexuízo da imposición da sanción ós responsables pola Autoridade municipal.

Capítulo III.-Das pintadas.

Artigo 20.

1.-Prohíbese toda clase de pintadas na vía pública, tanto sobre os seus elementos estructurais, calzadas, beirarrúas e mobiliario urbano, como sobre os muros e paredes exteriores do Concello ou calquera outro edificio o ben de carácter municipal.

2.-Serán excepcións en relación co disposto no número 1 anterior:

- As pintadas murais de carácter artístico sobre os valados dos solares, para as que será preciso a previa autorización do seu propietario.

Capítulo IV.-Da distribución de octavillas

Artigo 21.

1.-Prohíbese espallar e tirar toda clase de octavillas e materiais similares. Exceptuaranse as situacións que no senso contrario autorice a Alcaldía.

2.-Serán sancionados aqueles que espallen ou distribúan octavillas sen autorización.

3.-Os servicios municipais procederán a limpa-la parte ou espacio que se vira afectado pola distribución ou dispersión de octavillas, imputando ós responsables o custe correspondente dos servicios prestados, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondera.

Artigo 22.

O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns, zonas verdes e vías públicas, no que se encontran comprendidos os bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalización e elementos decorativos tales como farolas e estatuas, deberán manterse no máis axeitado e estético estado de limpeza e conservación.

TÍTULO IV.-INFRACCIÓNS. SANCIÓNS. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 23.

A vulneración do disposto na presente Ordenanza pode dar lugar a:

1.-A adopción por parte da Administración Municipal das medidas precisas para que se proceda á restauración da realidade física alterada ou transformada como consecuencia das citadas actuacións, utilizándose no seu caso a execución subsidiaria de conformidade co disposto no artigo 93 e seguintes da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2.-As sancións unicamente poderán impoñerse previa tramitación do correspondente expediente sancionador.

3.-A obrigación de indemniza-los danos e prexuízos será a cargo dos responsables.

Artigo 24.

Constituirá infracción toda vulneración das prescripcións contidas na presente Ordenanza. A sanción administrativa imporase, no seu caso, con independencia da valoración penal do feito polos Tribunais de Xustiza, así como as medidas que adopten en orde á reparación dos danos e prexuízos causados pola infracción cometida.

Artigo 25.

As infraccións califícanse en graves e leves, para a súa graduación valoraranse as circunstancias seguintes:

- Grado de intencionalidade.

- A natureza da infracción.

- A capacidade económica do titular da actividade.

- A gravidade do dano producido.

- O grao de malicia, participación e beneficio obtido.

- A irreversibilidade do dano producido.

- A categoría do recurso afectado.

- Os factores atenuantes ou agravantes

- A reincidencia.

Terán carácter grave, as accións e omisións que quebrantando o preceptuado nesta ordenanza, supoñan non só o que se poderá cualificar como comportamento incívico, senón que afecta ós bens do servicio e uso público municipal, causándolles un dano directo e de importancia ou cando exista un risco certo e igualmente importante. Así mesmo, terá carácter grave a reincidencia e reiteración de conductas incívicas. Considerarase reincidente o titular da actividade, que fora sancionado anteriormente unha ou máis veces polo mesmo concepto nos doce meses anteriores.

Artigo 26.

Terán o carácter de leves, as infraccións das que a súa comisión supoñan comportamentos contrarios ós usos e costumes e á boa educación, sen que causen un dano directo e de importancia ós bens de dominio público.

Artigo 27.

O procedemento sancionador poderase iniciar:

1.-De oficio por parte dos servicios municipais competentes como consecuencia no seu caso, do exercicio dos seus deberes de inspección e vixilancia.

2.-A instancia de parte afectada polo feito, ou a instancia de calquera cidadán ou entidade radicada no Concello.

A tales efectos, os particulares que inicien accións neste senso, serán recoñecidos como "interesados" no procedemento ós efectos previstos na Lei de procedemento Administrativo.

Artigo 28.

A Policía Local, no exercicio das súas funcións, deberá denuncia-las infraccións que desta Ordenanza observen.

Na denuncia deberá constar a identidade do denunciado, a suposta infracción cometida, con expresión do lugar, data e hora e demais datos que conduzan a unha maior clarificación da infracción. Como norma xeral, as denuncias formuladas pola Policía Local, notificaranse no acto ó denunciado, facendo constar nas mesmas, os datos que se esixen no parágrafo anterior. Por razóns xustificadas, que deberán figurar na propia denuncia, poderá nofiticarse con posterioridade.

Artigo 29.

Os órganos competentes do Concello, serán os instructores do expediente e deberán notifica-las denuncias, senón se tivera feito polo denunciante ó presunto infractor, concedéndoselle un prazo de 15 días para que alegue canto considere conveniente á súa defensa e propoña as probas que estime oportunas. Das alegacións do denunciado darase traslado ó denunciante para que informe no prazo de 15 días. Cumprido este trámite elaborarase a proposta de Resolución, polo órgano municipal correspondente, dándose audiencia ó interesado por un prazo de 10 días, transcorridos os cales, elevarase a definitiva a Proposta.

Artigo 30.

1.-As sancións por infracción da presente Ordenanza poderán aplicarse de forma independente ou conxunta.

2.-Para a exacción das sancións por infracción ás prescripcións desta ordenanza en defecto de pago voluntario ou acatamento da sanción imposta, seguirase o procedemento adminstrativo de constrinximento.

3.-Cando para a protección dos distintos aspectos contemplados nesta Ordenanza concorran outras normas de rango superior, as infraccións sancionaranse de acordo cás maiores contías e severas medidas establecidas.

Artigo 31.

O incumprimento do prceptuado no Título II da presente Ordenanza sancionarase con multa dunha contía de ata 300€, segundo a seguinte escala:

- Infraccións leves: 30€.

- Infraccións graves: de 31€ ata 300€, segundo concorran un ou máis criterios dos establecidos no artigo 25.

Artigo 32.

O incumprimento do preceptuado no Título III da presente Ordenanza sancionarase con multa dunha contía de ata 300€, segundo a seguinte escala:

- Infraccións leves: 30€.

- Infraccións graves: de 31€ ata 300€, segundo concorran un ou máis criterios dos establecidos no artigo 25.

Artigo 33.

Rematado o prazo establecido pola Administración Municipal, para que o interesado leve a cabo as actuacións de reposición dos bens ó estado anterior ó da comisión da infracción e as devanditas actuacións non fosen efectivas na práctica, a Administración Municipal poderá optar entre a execución subsidiaria con gastos ó cargo do infractor ou outorgarlle un novo prazo para a realización das citadas actuacións. O incumprimento do novo prazo, sancionarase cunha multa que comprende a contía da infracción orixinaria e conlevará a execución subsidiaria a costa do infractor.

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 20 de Novembro de 2002, sendo de aplicación a partir do 1ºde Xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.